

## CIRCULAR INTERPRETATIVA

N/REF: CI/002/2023  
DATA: 13 de abril 2023

ASUNTO: Circular interpretativa da Resolución do 20 de marzo de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o ano 2023 en réxime de concorrència competitiva as axudas á valorización e á segunda transformación da industria forestal galega e do contract (código de procedemento IN500B).

### Antecedentes

O presente criterio adoptase á vista das dúbidas xurdidas que están chegando á Axencia Galega da Industria Forestal en relación coa Resolución do 20 de marzo de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o ano 2023 en réxime de concorrència competitiva as axudas á valorización e á segunda transformación da industria forestal galega e do contract (código de procedemento IN500B).

### Marco legal

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no seu artigo 30.1.f), atribúe aos directores xerais a función de *"ditar ou propoñer á persoa titular da consellería, segundo proceda, as resolucións en materia da competencia do seu centro directivo"*.

O artigo 16.3.h) dos Estatutos da Axencia Galega da Industria Forestal aprobados por Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, contempla como función do director da Axencia *"ditar, impulsar, coordinar e inspeccionar as áreas, os servizos e as unidades adscritas á Axencia e ditare as instrucións e circulares relativas ao seu funcionamento"*.

Na súa virtude, esta Dirección adopta o seguinte:

### Criterio Interpretativo

Concellos emprendedores

O 28 de marzo de 2023, a Vicesecretaría xeral de Apoio á Empresa pertencente á Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación resolveu declarar como concello emprendedor a Monterroso (Lugo), toda vez que dita resolución é anterior á data de publicación no DOG (núm. 64 do 31 de marzo de 2023)

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL  
Avda Fernando de Casas Novoa 38  
15707 Santiago de Compostela  
T. 881 995 476  
xera.ceei@xunta.gal  
mediorural.xunta.gal





da Resolución do 20 de marzo de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o ano 2023 en réxime de concorrencia competitiva as axudas á valorización e á segunda transformación da industria forestal galega e do contract (código de procedemento IN500B), cómpre estender a relación de concellos sinalada no seu anexo V, de xeito tal que se inclúa ao concello de Monterroso (Lugo) dentro dos concellos emprendedores segundo a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Santiago de Compostela, na data que figura na sinatura dixital

O director da Axencia Galega da Industria Forestal

Jacobo Aboal Viñas

